



QUEN
DIXO
MEDO?

Campaña de sensibilización
contra a violencia de xénero
2017-2018

**CONTA CONTOS
E OBRADOIRO
DE MANUALIDADES**

PARA ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL

A CAMPAÑA

QUEN DIXO MEDO?

A violencia de xénero converteuse nos últimos anos nunha lacra social, que nos afecta a todos e todas por igual. Ante a situación actual, debemos pois reaccionar, primeiro recoñecendo que o problema existe e persiste, analizando os motivos que a causan e por último actuando contra ela, esa violencia endémica, enraizada na nosa sociedade como unha mala herba que compre desapareza para que florezca a vida, a igualdade, o respecto.

O medo non é unha opción; como individuos non podemos ter medo a denunciar a violencia, a actuar contra ela, a protexer ás vítimas que a sofren. O medo é un elemento coactor que nos impide apreciar obxectivamente os problemas que nos rodean, por iso compre superalo.


Esta problemática non é exclusiva da muller, afecta ao conxunto da sociedade de forma horizontal e vertical; nesta campaña queremos ter presente a sociedade, coa súa pluralidade e diversidade, a este criterio responde a imaxe principal da campaña: unha composición polifacética sobre a que destaca un rostro sen filtro de cor, sen medo.

Temos por diante 2 intensos anos de actividades e propostas que levar a cabo, para iso deseñaremos puntualmente materiais informativos e didácticos como o que tes entre as mans, estará tamén a disposición de todas e todos un blog informativo no que consultar o avance da campaña así como as crónicas do que vaiamos facendo.

Por isto que vos contamos, e polo que vos contaremos... QUEN DIXO MEDO!

OBXECTIVOS:

- Desenvolver accións de sensibilización para a prevención da violencia de xénero destinadas á poboación de Concellos da Provincia da Coruña para coñecer as características e dimensións desta problemática social para a súa erradicación definitiva.
- Desmontar os mitos e estereotipos en torno á violencia para apostar pola responsabilidade social.
- Visibilizar o fenómeno e informar sobre el para tomar conciencia e actuar.
- Fomentar o cambio de crenzas e actitudes e implicar ao respecto da violencia contra as mulleres a toda a poboación.
- Dotar a poboación dos mecanismos, coñecementos e habilidades precisos para detectar as diversas manifestacións da violencia de xénero e actuar de xeito contundente ante ela.



CONTA CONTOS E OBRADOIRO DE MANUALIDADES

PARA ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL

POR QUÉ?

O conto constitúe un instrumento emocional e claramente socializador en idades temperás; que, por unha banda, permite o acceso ao mundo da lectura e da escritura, aproximando aos máis cativos a un mundo atractivo, fascinante e interesante, e por outra, será o vehículo ideal para aproximar os máis pequenos/as, aspectos e valores como a convivencia, a tolerancia, a creación de lazos de unión, o fomento da imaxinación e a creatividade, que resultan fundamentais para traballar a educación en valores.

OBXECTIVOS:

- Establecer relacións equilibradas, solidarias e construtivas.
- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexan a vida e a convivencia e actuar conforme a eles.
- Ensinar os máis cativos/as a desenvolver conductas e habilidades que lles permitan vivir libres de violencia.
- Aprender a expresar as emocións de maneira axeitada evitando os insultos, agresións e gritos.

DESTINATARIOS/AS:

Os destinatarios/as serán os alumnos/as de 6º Educación Infantil.

METODOLOXÍA:

Para o desenvolvemento da presente actividade de sensibilización levarase a cabo a lectura do conto "QUÉROTE CASE SEMPRE" da autora Anna Llenas.

Este álbum ilustrado, narra a historia de amor entre Lolo e Rita, dúas personaxes que se respectan nas súas diferenzas e se adaptan para convivir en harmonía.

Tomando como fío condutor a lectura do conto, o/a docente abordará diversas cuestións para axudar os mais cativos/as a afianzar conceptos básicos para a súa vida cotiá e para a correcta construción da súa identidade. Aprenderán dunha forma sinxela e motivadora,

ao tempo que se favorecen dinámicas como o traballo en grupo, a colaboración, o diálogo...

Para concluír a actividade, cada alumno/a, seleccionará unha persoa que será a destinataria dunha tarxeta de felicitación que elaborarán empregando diversos materiais e artes plásticas.



QUEN
DIXO
MEDO?



Deputación
DA CORUÑA



IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Tfno.: 981 576 469

info@quendixomedeo.gal - www.quendixomedeo.gal